



A CORUÑA, A VINTE E NOVE DE XULLO DO DOUS MIL VINTECATRO

COMITE DISCIPLINARIO DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

EXPEDIENTE EXTRAORDINARIO 1/TEM. 20-21

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. - O día vinte e un de xuño do ano dous mil vinte e un (21/6/21), foi enviado pola Federación Galega de Natación a este Comité escrito datado o día vinte do mesmo mes e ano, escrito firmado por don Alejandro García Rebolo do Club Pavillón Ourense, no que se relatan os seguintes feitos, que se reproducen en lingua castelán para garantir a maior das fidelidades ó escrito referenciado:

"Hechos ocurridos en el día de ayer en las Piscinas Municipales Frigsa de Lugo. Club Waterpolo Pabellón Ourense se vio obligado a disputar sus partidos como local en dichas instalaciones debido a los desperfectos ocasionados por el temporal de la semana pasada en la piscina Rosario Dueñas. En esta jornada teníamos dos encuentros, uno de play off masculino contra CW Coruña Rías Altas y otro femenino de Liga Gallega contra el CW Lugo. Jacobo Torreiro Vázquez, árbitro de la Federación Gallega de Natación no estaba convocado para arbitrar ninguno de los partidos, pero aun así se desplazó hasta Lugo para presenciarlo desde la cafetería de la instalación. Una vez

llegó a la cafetería se sentó en la mesa contigua a la que estaban utilizando las jugadoras del CW Pabellón y comenzó a hablar con ellas. En ese momento yo entré y me senté en una mesa cercana. Entonces, creo que sin que Jacobo se diese cuenta de que estaba allí, comenzó a criticar decisiones federativas y a cuestionar la figura del vocal y del director técnico de la sección. Todo esto lo hacía en un tono tranquilo. En ese momento entró en la cafetería una de las chicas del CW Pontevedra cedidas al Pabellón, Irene, y creo que fue cuando se dio cuenta de que yo estaba allí. A partir de ahí el tono tranquilo de sus comentarios se convirtieron en arrogantes, haciendo fotos al campo y buscando en todo momento un enfrentamiento conmigo ya que las alusiones a decisiones federativas, normativas y protocolos eran constantes. A la altura del tercer cuarto las chicas del Pabellón se fueron al vestuario y Jacobo aprovechó para salir detrás de Irene para hablar con ella. Le dijo que Enrique García Ordoñez y yo nos estábamos aprovechando de ella y que eso la perjudicaba. Evidentemente de esto me enteré después, igual que de la NO condición de Vocal de Formación del CGA ya que entendía que la conversación que estaba forzando Jacobo iba enfocada a convencer a Irene de que no podía arbitrar. Cuando acabó el partido masculino empezaron a subir los jugadores del Pabellón y de Coruña a la cafetería. Uno de los primeros fue Marcos Patiño que vino a hablar conmigo y estuvimos planificando el partido de vuelta. Ahí aproveché para comentarle la dificultad que teníamos para encajar la Copa en el mes de julio y me comentó que podíamos posponerla a septiembre a lo que le respondí con que me parecía buena idea pero que había que pasarlo por Junta Directiva. En ese momento Jacobo empezó a reírse a carcajadas a menos de 1m de mí. Fue entonces cuando llegaron el resto de jugadores de los dos clubs y se fueron repartiendo por la cafetería. Jacobo, sin venir a cuento, les dijo a los jugadores de Coruña que podían ir a las gradas ya que ellos tenían test de antígenos a lo que varios de ellos contestaron que los Federación Galega de Natación protocolos no lo permitían. El insistía y entonces un miembro del CW Lugo contestó que la grada la tenía cerrada el concello a lo que Jacobo no respondió. Ahí es cuando se encaró con

David Rodríguez Ferro, quedándose mirando para él y diciéndole que "que pasaba" en un tono completamente desproporcionado y con la cara desencajada. Empezó a decirle tonterías del estilo de "estudia más el examen de árbitro nacional y no dejes el examen en blanco". Le dije que se estuviera tranquilo, que llevaba buscando enfrentamiento más de dos horas y que no tenía sentido lo que estaba haciendo a lo que él respondió con más gritos levantándose y poniéndose delante de David. David se levantó y sin mediar palabra Jacobo le dio un cabezazo que le rompió la nariz. A partir de ahí todo está más confuso ya que tratamos de evitar que el altercado fuese a más. Los empleados de la cafetería echaron a Jacobo de la instalación que salió a la zona del parking. Yo fui detrás suya igual que Marcos Patiño y le dije que se estuviese tranquilo que estaba buscándose un problema grande. Se marchó y no lo volvimos a ver. A los pocos minutos llegó la Policía Nacional que tomó declaración a David Ferro y a más gente que estaba allí. Nos dijeron que David tenía que ir a urgencias y con el parte de lesiones ampliar la denuncia ya que si finalmente había rotura el escenario cambiaba porque tendrían que detener a Jacobo en lugar de mandarle una notificación. Les sorprendió que el agresor fuese árbitro y nos preguntaron si había menores en la instalación. David puso la ampliación de la denuncia por la noche en la Comisaría de la Policía Nacional de Ourense".

SEGUNDO. - Tras os trámites procesuais e formalismos pertinentes, con base nos feitos expostos, acordouse por este Comité a través de providencia datada o día trinta de xuño de dous mil vinte e un non adoptar medidas cautelares e:

- *Declarar a sua competencia para coñecer dos feitos denunciados, e iniciar procedemento ordinario sancionador contra o denunciado Jacobo Torreiro Vázquez con nº de licenza 1036436, por uns feitos que poderían ser constitutivos de infracción moi grave, concretamente do artigo 5 I 1 k) "As agresións a deportistas sempre que se causen lesións corporais" feitos solucionables de acordo co artigo 9 con: b) Privación definitiva*

de licenza federativa, c) Privación definitiva dos dereitos de asociado d) Suspensión, ou inhabilitación temporal, ou suspensión dos dereitos de asociados, de dous a cinco tempadas , e) Multas non inferiores a 600€ nin superiores a 6.000€". • Nomear instrutor (art. 25. 1 libro III Réxime Disciplinario da FEGAN) a D. Miguel Dios Blanco, licenciado en dereito, que poderá ser obxecto de recusación no prazo de tres días dende a notificación da presente e polas causas previstas na lexislación do Estado para o procedemento administrativo común (art.26 libro III Réxime Disciplinario da FEGAN).

- *Conceder a os interesados un prazo de dez días dende a recepción da presente para contestar a os feitos e propor a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.*

TERCEIRO. - O día nove de xuño de dous mil e vinte e un, tivo entrada por Rexistro Xeral da Federación Galega de Natación escrito asinado por D. Jacobo Torreiro Vázquez, no que alega a existencia de prexudicialidade penal e solicita a suspensión do presente procedemento.

O día catorce do mesmo mes e ano ditouse providencia por este Comité acordou:

- *A suspensión do presente procedemento, ata que recaia a correspondente resolución xudicial.*
- *As partes implicadas no procedemento xudicial deberán comunicar no seu momento a este Comité a correspondente resolución do procedemento.*

CUARTO. - Na data de 28/6/24 comunicouse a este Comité o ditado da sentenza penal pola que finaliza o procedemento penal que motivou a suspensión do presente procedemento administrativo por prexudicialidade penal, así como a súa firmeza: Sentenza de catro

de xuño de dous mil vinte e tres, do Xulgado do Penal nº 1 de Lugo, Procedemento Abreviado 257/2023 ditada pola Ilustrísima Maxistrada dona Cristina Sánchez Neira.

Na sentenza quedan recollidos como feitos probados, e que gozaran de total presunción de veracidade os seguintes, que se reproducen en lingua castelán para garantir a maior das fidelidades á resolución referenciada:

“ÚNICO. - Se declara probado por conformidade que sobre las 13:15 horas del día 20/06/2021, el acusado Jacobo Torreiro Vázquez, cuando se encontraba en el Centro Deportivo Frigsa, sito en la calle Montefaro nº 57 de Lugo, en el transcurso de una discusión con David Rodríguez Ferro y con ánimo de menoscabar la integridad física, le propinó un cabezazo en la cara, causándole con dicha acción unas lesiones consistentes en fractura de huesos propios de la nariz necesitando para su curación además de una primera asistencia facultativa, tratamiento médico consistente en reducción e inmovilización de fractura y aplicación de medidas analgésicas y antiinflamatorias, además de 20 días de sanación, de los cuales 15 fueron de carácter moderado.”

QUINTO. - O día 28/6/24 deuse concedeuse trámite de audiencia ós interesados para que realizasen as alegacións que considerasen oportunas, así como para que propuxeran os medios de proba e descargo que considerasen oportunos.

SEXTO. - A data da presente non se realizaron nin alegacións ni se propuxeron medios de proba.

FEITOS PROBADOS

ÚNICO. - Durante a tramitación do expediente probáronse os seguintes feitos: Que sobre as 13:15 horas do día 20/6/21 o acusado Jacobo Torreiro Vázquez, cando se encontraba no Centro Deportivo Frigsa, situado na Rúa Montefaro nº 57 da Cidade de Lugo, no transcurso dunha discusión con David Rodríguez Ferro e con ánimo de menoscabar a súa integridade física, propinoulle a este último un cabezazo na cara, causándolle con dita acción unhas lesións consistentes na fractura dos ósos propios da nariz precisando para a súa curación ademais dunha primeira asistencia facultativa, tratamento médico consistente en redución e inmovilización da fractura e aplicación de medidas analxésicas e antinflámatorias, ademais de vinte días de sanación, dos cales quince foron de carácter moderado."

FUNDAMENTOS DE DEREIRO

F.D. PRIMEIRO: O libro II de Réxime Disciplinario da FEGAN contempla no seu artigo 5 como falta moi grave, e de aplicación a todos os estamentos da Federación, no seu parágrafo "k": "As agresións a deportistas sempre que se causen lesións temporais".

No caso presente quedou acreditado como feito probado, máis alá que co resto de medios probatorios que constan na instrución, ca sentenza penal que don Jacobo agrediu a don David cos graves resultados que constan na mesma e no parte de lesións.

F.D. SEGUNDO: Con base no artigo 11 e 12 do regulamento non se acreditaron nin circunstancias atenuantes nin agravantes da responsabilidade.

F.D. TERCEIRO: Segundo o artigo 8 do regulamento as sancións que se poderán impor a deportistas, adestradores, auxiliares, dirixentes, árbitros e xuíces son as seguintes:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

F.D. CUARTO: Segundo o artigo 9, e en relación co artigo 8, as sancións contempladas por infraccións moi graves son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade- Só poderá acordarse de modo excepcional ,pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
- b) Privación definitiva dos dereitos de asociado.
- c) Suspensión, ou inhabilitación temporal, ou suspensión dos dereitos de asociados, de dous a cinco tempadas.

F.D. QUINTO: Cumpríronse todos os formalismos e obrigas legais.

RESOLUCIÓN

Porén, a vista dos feitos probados e dos fundamentos de dereitos expresados, procede impor a JACOBO TORREIRO VÁZQUEZ, con núm. de licenza 1036436, a SANCIÓN MOI GRAVE DO ARTIGO 8.B E 9.C consistente en INHABILITACIÓN TEMPORAL POR TEMPO DE DOUS TEMPADAS.

Contra a presente resolución poderase recorrer no PRAZO DE DEZ DÍAS HÁBILES ANTE O COMITÉ DE APELACIÓN DA FEGAN; con base no art. 35 do regulamento, e seguindo as prescricións legais establecidas no arts.40 e 41 do regulamento.

Preséntese ou non recurso fronte a presente, A SANCIÓN IMPOSTA FARASE EFECTIVA CON CARÁCTER INMEDIATO, con base no art.5.2.2 da Normativa Xeral de Waterpolo.

En lugar e data ut supra.